

RECURSOS

1.- Explique o significado do termo enerxías renovables alternativas aplicado a tres fontes de enerxía. Libro de texto páx. 191, páx. 202 (complementos) punto 3.4 páx. 210 – 217

Debes indicar que é unha enerxía alternativa ao consumo de combustibles fósiles, á enerxía nuclear,

2.- Explique os factores que interveñen na formación dun solo.

Libro de texto páx. 161 - 162: factores que interveñen na edafoxénese

3.- a) Explica que é un acuífero. Libro de texto páx. 112 e páx.195

b) En que consiste a sobreexplotación dos acuíferos, explica as súas consecuencias e as posibles medidas para evitalo. Libro de texto páx. 317

A sobreexplotación dos acuíferos prodúcese ao extraer auga en cantidade superior á súa capacidade de recarga, o que pode provocar un descenso do nivel freático, diminuindo a súa utilidade como recurso.

Consecuencias: descenso do caudal de auga dos ríos da zona, desecación de humidaís, intrusión salina (en acuíferos próximos á costa).

Medidas: xestión da auga

As **medidas** para conseguir un desenvolvemento sostible e, xa que logo, evitar a sobreexplotación dos recursos son as regras de Daly: **Libro de texto páx. 400 (desenvolvemento sostible)**

- Que a taxa de consumo dos recursos renovables sexa igual ou inferior á súa taxa de renovación.
- Que se racionalice o consumo de recursos non renovables e que se empreguen parte dos beneficios xerados polo seu consumo en I+D, fontes de recursos renovables eficaces que podan substituír aos non renovables cando estes comezan a escasear.
- Que a taxa de xeración de contaminación non exceda a capacidade de asimilación da mesma por parte do contorno.

4.- Fai un esquema dos usos da auga, diferenciando entre o uso consuntivo e non consuntivo dela. Libro de texto páx. 193- 195 e esquema 2 páx. 194

5.- Cales son os aspectos que se deberán de ter en conta nunha explotación sostible dos bosques?

- Aumentar a eficiencia das industrias madeiras, mellorar as redes de transporte e eliminar o refugo de madeira.
- Diminuír o uso de papel e aumentar o seu reciclado.
- Aumentar a plantación de bosque de alto rendemento, destinado a producir para o consumo humano en terras marxinais ou excesivamente explotadas.
- Buscar alternativas de emprego aos bosques. En vez de talar, propiciar a recolección doutros produtos, tales como alimentos (froidos, cogomelos, ...), medicinas ...

Cuestión repetida nas PAAU 2008

RECURSOS

6.- Explica o concepto de biodiversidade e as razóns polas que é importante a súa conservación.

Concepto páx: 355 (compoñentes da biodiversidade) Conservación páxs. 357 – 359

Tras a conferencia de Río de Janeiro de 1992 no termo biodiversidade englóbanse 3 aspectos: variedade de especies que hai sobre a Terra (diversidade específica), diversidade de ecosistemas no noso planeta e diversidade xenética.

Valor: fonte de beneficios a partir do seu consumo, fonte de pracer estético, valor ecolóxico, ...